

**INSTRUCCIÓN Nº 8/2008, DA SECRETARÍA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA SOBRE EQUIVALENCIA EN HORAS DE DETERMINADOS ESTUDOS PARA OS EFECTOS DA SÚA CONSTANCIA NO SUPLEMENTEO EUROPEO AO TÍTULO**

O Real Decreto 1044/2003, de 1 de agosto, polo que se establece o procedemento para a expedición polas universidades do Suplemento Europeo ao Título (SET) establece no seu punto 4 do anexo I que debe recoller a equivalencia en horas dos estudos cursados polo alumno, para os efectos de favorecer a información a outras Administracións e para os empregadores.

Se ben para as materias ordinarias cursadas polo sistema establecido no Real Decreto 1497/1987 a equivalencia se establece en 10 horas un crédito, sen embargo xorde a dúbida do cómputo en horas de determinados estudos, polo que cómpre ditar unha instrución que unifique esta equivalencia para os efectos da súa constancia e para a expedición do SET.

Por outra banda cómpre establecer o texto que deberá reflectirse no antedito documento no caso no que o alumnado acade un premio extraordinario.

Por todo o anterior, esta Secretaría Xeral RESOLVE:

**PRIMEIRO.-**

Para a súa constancia no Suplemento Europeo ao Título se establece a seguinte equivalencia en horas das materias, actividades, prácticas, etc. En titulacións organizadas ao abeiro do R.D. 1497/1987 e que non teñen establecida esta equivalencia.

- a) Traballos Academicamente Dirixidos: 30 horas = 1 crédito.
- b) Materias de nivelación: 10 horas = 1 crédito
- c) Prácticas en Empresas e Prácticas Clínicas: Prácticas en empresa s organizadas polos centros, FEUGA ou polo Consello Social: 30 horas = 1 crédito.
- d) Actividades recoñecidas noutras universidades: Non debe constar a carga horaria a non ser que figuren na súa CAO.
- e) Estudos realizados no marco de convenios (estadías imputadas como créditos por equivalencia): 10 horas = 1 crédito.
- f) Validación e adaptacións (Créditos procedentes de outros plans de estudio ou de Ciclos Formativos de Grado Superior). Non debe figurar ningunha referencia a carga horaria das materias ou ciclos de procedencia. Figura a carga da materia validada ou adaptada.
- g) Materias da Cátedra "Jean Monnet": 10 horas = 1 crédito.
- h) Recoñecemento de Cursos Aula de Informática da USC, Recoñecemento de Cursos do Centro de Linguas Modernas, Recoñecemento e Diplomas da Alianza Francesa, Recoñecementos de Estudos das Escolas Oficiais de Idiomas Recoñecemento de Cursos do Conservatorio de Música, Recoñecemento de estudos do Instituto Teolóxico Compostelán: Non se fará constar a súa carga horaria.
- i) Recoñecemento de cursos e seminarios: 30 horas = 1 crédito

SEGUNDO.- No caso de que o alumno ou alumna acade un premio extraordinario o texto a incluír no Suplemento Europeo ao Título será o seguinte: "O Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela, en sesión celebrada o \_\_ de \_\_ de 200\_, acordou concederlle o Premio Extraordinario de \_\_\_\_\_ en \_\_\_\_\_, correspondente ao curso 200\_/200\_."

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2008

A Secretaria Xeral



Isabel García-Rodeja Gayoso